



# SOCIEDADE GALEGA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

## CONVOCATORIA DE XUNTA XERAL EXTRAORDINARIA

A Proposta da Xunta de Goberno da Sociedade Galega de Prevención de Riscos Laborais (SGPRL), e de acordo co artigo 14 dos Estatutos da Sociedade, se convoca a todos os socios á **Xunta Xeral Extraordinaria** que se celebrará o **día 12 de Decembro, ás 19,00 horas en 1ª convocatoria e ás 19,30 horas en segunda convocatoria**, no seu domicilio social: Ilustre Colexio Oficial de Médicos de Lugo, **C/ Ramón y Cajal nº 2, 1º, 27001 Lugo**. Orde do día:

- Punto único: **Eleccións a Xunta de Goberno da SGPRL.**

A efectos de información para os socios que queiran presentar candidatura á Xunta de Goberno da SGPRL, se adxunta calendario electoral das distintas fases do proceso cunha referencia explicativa que sobre cada unha das fases recollen os Estatutos da SGPRL. En relación coa posibilidade de delegación do dereito de asistencia á Xunta e voto, os Estatutos da SGPRL establecen ao respecto: “Os socios numerarios poderán delegar o seu dereito de asistencia e voto noutro socio numerario, mediante escrito individual asinado, no que conste a identificación do delegado e a data da Xunta Xeral á que se refire. Non valerá a delegación que a xuízo da Xunta de Goberno non reúna estes requisitos ou sexa concedida con carácter xeral ou a máis dunha persoa, ou non se presentara ao Presidente antes de constituírse a Xunta Xeral”.

Lugo, 10 de Outubro de 2022

A SECRETARIA

Asdo: Bibiana del Rio Lopez